

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O COLEXIO PROFESIONAL DE ENXEÑARÍA EN INFORMÁTICA DE GALICIA PARA A ORGANIZACIÓN DA MOBILE WEEK OURENSE 2022

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

REUNIDOS

Por unha parte, D^a. María Nava Castro Domínguez, directora da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 120/2020, do 10 de setembro (DOG núm. 185, do 11 de setembro), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 117, do 20 de xuño), que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Doutra, D. Fernando Suárez Lorenzo, presidente do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (en adiante CPEIG), no uso das atribucións que lle confire o artigo 26 dos estatutos deste Colexio, aprobados polo Decreto 112/2008, do 15 de maio, da Xunta de Galicia (DOG do 6 de xuño), así como pola Lei 10/2006 do Parlamento de Galicia, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade da Xunta de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa



promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego.

A Axencia ten como obxectivos básicos, entre outros, a potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, a través da mellora de competitividade das empresas turísticas e a valorización dos recursos turísticos, o fomento do turismo como un instrumento de reequilibrio territorial e a promoción da imaxe marca-país de Galicia, desde unha óptica integral e marca-país (artigo 2 dos citados estatutos).

O devandito artigo 9 dos seus estatutos establece entre as funcións e competencias da Axencia Turismo de Galicia, o aproveitamento e potenciación dos recursos turísticos de Galicia mediante a promoción, publicidade, relacións públicas e outras accións de notoriedade, tanto no interior de Galicia como no resto de España e no exterior, sen prexuízo das competencias da Administración central do Estado, así como calquera outra actividade orientada a mellorar a posición do sector turístico de Galicia no marco español e internacional.

Así mesmo a instauración de canles efectivas de comunicación con outros organismos locais, provinciais e da Administración central e outras administracións, así como co sector privado.

Segundo.- Que o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (no sucesivo, o Colexio) é unha corporación de dereito público e de carácter profesional, amparada pola lei, con personalidade xurídica propia, que se rexerá polas leis e disposicións vixentes na materia e polas prescricións dos seus estatutos. Entre outros, son fins do Colexio, colaborar coas administracións públicas na consecución dos dereitos individuais e colectivos da profesión recoñecidos pola Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia aos colexios profesionais, a potenciación e mellora do uso das novas tecnoloxías da información e as comunicacións como instrumentos de desenvolvemento económico e social e a realización de actuacións de difusión e sensibilización orientadas ao desenvolvemento e implantación da Sociedade da Información na Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro.- Que a Mobile Week nace co obxectivo de ofrecer á cidadanía un espazo no que participar activamente dos cambios que traen as novidades tecnolóxicas. Con este fin, inclúe máis de corenta actividades que serán desenvolvidas en formato híbrido, coa posibilidade de



participar de forma presencial ou remota, de tal xeito que o público poderá coñecer novos proxectos empresariais con selo ourensán, participar en talleres de dixitalización, comprobar a relación da tecnoloxía co cinema e a arte, axudar a viralizar espazos naturais a través do Geocaching nas contornas rurais, ou visitar Ourense desde calquera recuncho do mundo a través das diferentes APP.

Do 15 ao 18 de setembro, Mobile Week Ourense continuará a loitar contra as fendas dixitais, con especial foco en xerar interese pola tecnoloxía na poboación rural, os maiores e outros colectivos con risco de quedarse atrás na transición dixital. Ao longo da súa traxectoria consolidouse en canto a promover a promoción da tecnoloxía, mantendo o seu compromiso de erixirse no punto de encontro anual para os profesionais do sector en Galicia, ao tempo que produce un importante retorno económico para a cidade. Cómpre ter en conta o importante vínculo desta provincia coa tecnoloxía.

O formato dos contidos será físico, híbrido e online, aínda que terán maior peso as actividades en formato presencial. Este formato dependerá de se as actividades van dirixidas cun fin formativo-divulgativo, lúdico ou cun propósito sensibilizador. Para iso propónse actividades en distintas localizacións, entrevistas, pílulas formativas, festivais, “trampantojos” animados nalgún punto de maior afluencia para achegar a tecnoloxía á animación visual.

Poderíase resumir a Mobile Week Ourense en:

- **Misión:** impulsar actividades para reflexionar sobre o impacto da tecnoloxía na vida cotiá
- **Visión:** contribuír a achegar a tecnoloxía á cidadanía a través de actividades públicas e gratuítas para debater, analizar e experimentar sobre os cambios da transformación dixital na sociedade.

Dentro das novidades desta edición cabe destacar as distintas actividades de:

- Geocaching no entorno rural e no entorno urbano, na que mediante o uso de dispositivos móbiles realizaranse actividades no entorno rural, como busca de tesouros agachados con axuda do GPS.



- Gamificación e RA, xogo inspirado en Pokemon Go, no que se propón a creación de varios personaxes relacionados coa cultura ou idiosincrasia da zona en aparencia low poly (debuxos animados)...
- Camiña en dixital e Escape Room. Esta actividade lúdico-formativa está enfocada para que as persoas maiores realicen formación no uso de tecnoloxías e realicen un Camiño de Santiago Virtual. A actividade conta tamén cun Escape Room online no que se terán que ir superando distintas etapas e poñer en práctica o emprego de diferentes ferramentas e aplicacións.

Cuarto.- O programa da segunda edición da Mobile Week Ourense consistirá nun panel de conferencias, exposicións, actividades e talleres gratuítos que permitan experimentar, reflexionar e debater sobre o uso responsable da tecnoloxía e como modifica o comportamento da cidadanía no seu día a día. As xornadas tamén abordarán como a tecnoloxía incide na redución da fenda dixital en todas as súas variantes (xeracional, xeográfica, socioeconómica e/ou xénero). O público obxectivo da programación esténdese a todos os cidadáns e cidadás, independentemente do perfil que teñan.

As actividades estruturaránse ao redor de tres grandes áreas temáticas: "Dereitos dixitais", "Construír o futuro" e "As habilidades profesionais dixitais".

"Dereitos dixitais" lembra que a transformación dixital á que nos enfrontamos como sociedade implica unha serie de oportunidades e riscos, que ameazan os dereitos da cidadanía no ámbito dixital. Coñecer estes dereitos e os perigos que se cernen sobre eles é fundamental para un uso seguro e confiable das ferramentas tecnolóxicas.

O segundo apartado, "Construír o futuro", apela á cultura e á creatividade, ao entretemento e os novos dixitais. Porque o modo en que nos relacionamos e consumimos produtos de lecer cambiou nos últimos 10 anos tanto como nos 100 anteriores. Esta transformación é tamén unha oportunidade para mellorar a calidade de vida e a creación de novos perfís profesionais.

Finalmente, o capítulo de "Habilidades profesionais dixitais e o papel da educación", móvese ao redor da certeza de que é imposible afrontar os novos tempos coas vellas normas e isto aplica especialmente á educación dos máis novos, pero tamén á reciclaxe profesional de



adultos. Do mesmo xeito, esta educación é fundamental para combater a secuela das fake news.

A programación incluírá asuntos de actualidade tecnolóxica como o impacto do metaverso en todos os aspectos da nosa vida, as posibilidades ao redor da Intelixencia Artificial e como está a cambiar desde xa a nosa sociedade; o impacto da tecnoloxía nos adolescentes e como entender e combater elementos como as *fake news*, o ciberacoso, o *sexting*; a importancia da privacidade e a protección de datos na sociedade da terceira década do século XXI; ou a importancia das competencias dixitais.

Para iso, os grandes retos desta edición centraranse na loita contra o despoboamento rural a través da dixitalización, o achegamento da administración ao cidadán e avanzar na adaptación da poboación á nova realidade tecnolóxica dos nosos tempos

Quinto.- A Deputación de Ourense ven de asinar con carácter de exclusividade para o territorio galego un contrato coa Fundación Mobile World Capital para a celebración da Mobile Week Ourense. Baixo este acordo, a Fundación Mobile Word Capital comprométese a pór a disposición da Deputación de Ourense o uso de canles de comunicación propios de MWCcapital, xestionados por esta, para a carga e publicación de comunicacións e contidos de Mobile Week Ourense para apoiar a máxima difusión e promoción do Evento, contribuíndo á proxección dunha imaxe de destino asociada a valores como a igualdade e o progreso.

Á súa vez, a Deputación asinou un convenio co Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia para colaborar na realización de actividades conxuntas no marco do evento denominado "Mobile Week 2022" promovido pola Deputación Provincial de Ourense, e a desenvolverse nas datas 15 ao 18 de setembro de 2022, nesta provincia.

Pola súa parte e para conseguir os fins citados, o colexio comprométese a traballar de forma conxunta con entidades representativas do territorio do tecido económico, social, académico etc. para promover a xeración de sinerxías, dar a máxima difusión e repercusión ao Evento.

A Axencia Turismo de Galicia, dentro das súas competencias, está interesada en apoiar a organización Mobile Week Ourense 2022 por tratarse dun evento relevante que contribúe a



consolidación da imaxe de Galicia, o que lle permitirá unha grande visibilidade, tanto nacional como internacionalmente. Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia a única entidade organizadora do mesmo.

En consecuencia, as partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto deste convenio é regular as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia para a organización da Mobile Week Ourense 2022, que tivo lugar entre o 15 e o 18 de setembro de 2022.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para as actuacións obxecto deste convenio ascende a **50.000 €** (IVE incluído) co detalle que se establece no anexo a este convenio e do cal forma parte.

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará as actividades relacionadas no cadro anterior na contía máxima de 50.000€ con cargo á aplicación orzamentaria 05.A2.761A.781.0, proxecto 2015 00005, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2022.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19. 4. c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



Terceira.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen a partir do **1 de xaneiro de 2022**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Así mesmo, o IVE é gasto subvencionable de conformidade co disposto no artigo 29.8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sempre que non sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade beneficiaria.

Cuarta.- Compromiso das partes

1. O Colexio, como entidade beneficiaria da subvención da Axencia Turismo de Galicia, asume as seguintes obrigas:

- Levar a cabo as accións obxecto do convenio.
- Xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia e incluír a **marca do Xacobeo 21-22**, de acordo co manual de identidade visual, aprobado polo Decreto 104/2021, do 24 de xuño, polo que se aproba a actualización do Manual de identidade gráfica Xacobeo 2021-22 (DOG núm. 132, do 13 de xullo de 2021).



- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.
 - Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
 - Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei. No caso de non atender o requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.
 - As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
2. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe máximo establecido na cláusula segunda.

Quinta.- Compatibilidade

A achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos, axudas ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera



Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

Sexta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Sétima .- Subcontratación

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fora da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir o Colexio para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante o Colexio, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O Colexio será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.



Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursoas nalguna das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Oitava.- Xustificación e pagamento da subvención

1. A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve e conterá con carácter xeral coa seguinte documentación:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que contará:



- a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.
- b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago. No caso de tratarse de gastos inferiores a 1.000 € poderá xustificarse o pagamento mediante recibo do provedor.
- c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).
- d) Unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.
- f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados de estes.
- g) Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.
- h) Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten as obrigas de publicidade establecidas no presente convenio.
- Por outro lado, o colexio deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.



A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

2. Se o investimento xustificado fose menor ao previsto nos orzamentos estimados para cada unha das actividades subvencionadas obxecto do presente convenio contidos na cláusula segunda e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación. Así, e de conformidade co disposto no citado artigo 21.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, só deberá ser reintegradas (ou, no seu caso, minoradas as achegas da Axencia) unicamente polo importe que supere o custo total das actividades.

3. A comunicación relativa á obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a entidade beneficiaria deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

4. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

5. Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



6. A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

7. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o **1 de novembro de 2022**.

8. O importe correspondente ao IVE só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada pola entidade beneficiaria, o cal deberá ser acreditado por esta coa xustificación do convenio.

9. Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Novena.- Perda do dereito ao cobramento da subvención.

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Ademais de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio as seguintes:

a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.



b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.

3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

Décima.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas a entidade beneficiaria deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

Décimo primeira.- Comisión de Seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución créase unha Comisión de Seguimento que estará integrada por un representante designado por cada unha das partes. Respecto da subvención concedida, a Axencia Turismo de Galicia ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación e resolución propias dos negocios xurídicos administrativos.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.



Décimo segunda.- Modificación

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Respecto da subvención concedida pola Axencia Turismo de Galicia, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décimo terceira.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.
- Calquera outra causa prevista nas leis.

Décimo cuarta.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

O convenio, que está suxeito ao disposto no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da



Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.1.

As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia. Aquelas cuestións non solventadas na vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Para todo o non previsto expresamente no texto deste convenio será de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e demais normativa que sexa de aplicación.

Décimo quinta.- Publicidade e rexistro do convenio. Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade procederáse á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.



Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións contidas no convenio.

Décimo sexta.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2022.

Décimo sétima.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPdGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo oitava.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.



As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento na data da súa sinatura dixital.

Pola Axencia Turismo de Galicia

Polo Colexio

M^a Nava Castro Domínguez

Fernando Suárez Lorenzo



ANEXO. ORZAMENTO

Servizos técnicos: iluminación, son, imaxe....	Escenario principal: Servizos técnicos, persoal técnico necesarios para o desenvolvemento do evento, garantindo a visión e escoita de todos os asistentes da sala e os conectados en modalidade online, deseño das traseiras...	5.000 €
	Salas de actividades adicionais, paralelas ao escenario principal: coordinación co organizador da actividade adicional, xestión dos servizos técnicos requiridos polo organizador para a súa correcta execución (son, retransmisión, conexións...)	
Xestión de poñentes e actividades	Xestión integral das inscricións para as modalidades presencial e online: plataforma de inscrición, envío de confirmacións de asistencia, envío de enlaces de conexión, seguimento de incidencias durante o desenvolvemento do evento, envío de enquisas de satisfacción...	30.000
	Moderadores e dinamizadores	
	Materiais para talleres e actividades	
	Pantallas e medios técnicos	
	Azafatas xestión de acceso e actividades	
	Adecuación de espazos para as actividades	
Cobertura audiovisual do evento	Captación de imaxes do evento, gravación íntegra das actividades. Remisión das gravacións e fotografías clasificadas por actividades, elaboración de vídeo resumen de corta duración	6.000
Secretaría de coordinación e xestión integral do evento	Participación nas reunións coa Fundación Mobile World Capital e a organización e posterior informe na organización con asunción de cometidos en datas marcadas. - Axenda de xestión (compromisos, datas límite, etc.), tanto da secretaria técnica como do organizador. Envíos de información e informes periódicos (e-mailings electrónicos) segundo datas establecidas na axenda de xestión. - Atención de todas as consultas dos asistentes ou interesados no tema. - Apoio na xestión do protocolo do acto de inauguración e clausura - Soporte na xestión e supervisión da escaleta - Resto das tarefas propias deste apartado	9.000 €



	Comunicación. Xestión de redes sociais, notas de prensa e xestión de medios durante o evento. Publicidade en medios. Deseño de pezas gráficas	
	Soporte na redacción de programa de contidos	
	Coordinación de poñentes e actividades durante o evento	
	Seguimento de calidade dos servizos de provedores externos: hoteis, catering, provedores técnicos e audiovisuais, sinalización e rotulación...	
	Control económico do evento: presentación de informe económico final detallado, con desagregamento de todos os gastos.	
ACHEGA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA		50.000,00 €
TOTAL CONVENIO		50.000,00 €

